



Formación do profesorado Photo-Intervalo de Antonio Pérez. Foto de Julio Albarrán

# CONVOCATORIA PARA CENTROS PLANEA

Curso 2026/2027

[WWW.REDPLANEA.ORG](http://WWW.REDPLANEA.ORG)

Daniel & Nina  
**Carasso**  
FUNDACIÓN

 GENERALITAT  
VALENCIANA

CONSORCI  
DE MUSEUS  
DE LA  
COMUNITAT  
VALENCIANA

Permea

 UNIVERSITAT  
POLITÈCNICA  
DE VALÈNCIA

 pedagogías  
invisibles  
arte + educación

ZEMOS98

TALLER  
ENBLANCO

artaziakoop

rexe  
nera  
ndo | S. Coop.  
Galega

ESBALUARD  
MUSEU

Colaboran

 Junta de Andalucía  
Consejería de Desarrollo Educativo  
y Formación Profesional

 Comunidad  
de Madrid

 Conselleria d'Educació  
i Universitats  
Direcció General de Primera Infància,  
Atenció a la Diversitat i Millora Educativa

 SIE  
Servei d'Innovació Educativa

 XUNTA  
DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL

 CRIE  
CENTRO RIOJANO  
DE INNOVACIÓN  
EDUCATIVA

 La Rioja

 EUSKO JAURLARITZA  
GOBIERNO VASCO

# OBXECTO DA CONVOCATORIA



Esta convocatoria está destinada a centros educativos públicos de Infantil, Primaria, Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, FP básica e Ciclos Formativos de grao medio e superior de Andalucía, Comunidad de Madrid, Comunitat Valenciana, Euskadi, Galicia, Illes Balears e La Rioja.

Se queres formar parte como **Centro PLANEA**, le esta convocatoria detalladamente, prepara o teu proxecto segundo o modelo que che facilitamos, revisa ben o calen-

dario de peche da mesma segundo o teu territorio e prepara toda a información **a través deste formulario que se atopa aquí:**

Quedan excluídos automaticamente aqueles centros educativos que non estean nos territorios mencionados ou aqueles que xa fosen centros piloto en cursos anteriores.



[forms.gle/dFiX93C3kAJMjYdx8](https://forms.gle/dFiX93C3kAJMjYdx8)

# QUE É PLANEA



Encontro Estatal PLANEA 2026. Foto de Julio Albarrán

**PLANEA** é unha rede de centros educativos, axentes e institucións culturais que empregan as prácticas artísticas de xeito transversal, situado no territorio e con vocación de xeneralización e permanencia na escola pública.

No ámbito educativo, a arte contribúe á xeración de novos imaxinarios e narrativas, de pensamento crítico e de novas sensibilidades, impulsando un modelo comprometido de cidadanía. A rede reúne a docentes, alumnado, familias, artistas, institucións culturais e educativas das administracións públicas en torno a prácticas apoderadoras que dotan de maior axencia a quen nelas se implica.

A rede facilita un acceso equitativo a proxectos de arte e escola, e faíno coa vocación de promover cambios duradeiros tanto nos centros de primaria e secundaria nos que desenvolve a súa actividade como nos axentes que os rodean. PLANEA traballa cunha visión sistémica que recoñece a multiplicidade de iniciativas existentes, que coida da escola pública, que é (re)xe(ne)radora de tecido, e faíno dende a escoita e a mediación como principios operativos.

PLANEA pon en común aprendizaxes, recursos, metodoloxías, modelos e marcos que sustentan prácticas transformadoras a través de diferentes actividades e prácticas. A súa organización está despregada en nodos territoriais de mediación (un por cada territorio PLANEA) que á súa vez ten un nodo de coordinación que articula e coordina grupos de traballo transversais. Actualmente os nodos de mediación en funcionamento son: Andalucía (coordinado por **ZEMOS98**), Comunidad de Madrid (coordinado por **Pedagogías invisibles**), Comunitat Valenciana (coordinado polo **Máster PERMEA, Consorci de Museus e Universitat Politècnica de València**), Illes Balears (coordinado por **Es Baluard**) e Galicia (coordinado por **Rexenerando S. Coop**). Para esta convocatoria engádense La Rioja (coordinado por **Taller enBlanco**) e Euskadi (coordinado por **Artaziak**) como novos territorios PLANEA.

Na fase 2 de PLANEA, un dos programas que poñemos en marcha consiste no que denominamos **“Centros PLANEA”** e que se regulan a través desta convocatoria.

# DEFINICIÓN DE CENTRO PLANEA



CEIP As Covas - Meaño. Foto de Paulo Nogueira

A intención desta nova fase de PLANEA é consolidar aprendizaxes e ofrecer un modelo concreto dende o que pensar as relacións entre arte e escola de forma experimental e situada. O que chamamos “folla de ruta PLANEA” integra un itinerario coordinado para os centros de nova incorporación á rede.

Este itinerario, aínda que similar en todos os centros, é flexible e personalizado ás súas necesidades de formación e serán atendidos os proxectos, ideas e situacións de aprendizaxe que cada contexto requira.

Os centros PLANEA terán dende o principio capacidade de elixir os seus camiños, temáticas, experiencias e disciplinas artísticas coas que queiran traballar, sempre en co-deseño cos nodos de mediación e axentes e artistas colaboradores.

Na táboa que aparece a continuación establécese un esquema básico e orientador do desenvolvemento destes tres anos segundo o colectivo implicado:

## CENTROS PLANEA

ROL	ANO 1	ANO 2	ANO 3
<b>CLAUSTRO</b>	Formación: Que arte para que escola?	Formación: Segundo Itinerario formativo elixido	Formación: Deseño de Proxectos Artísticos
<b>GRUPO MOTOR</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Diagnóstico/intereses do centro</b></li> <li>• Mapeado de recursos culturais</li> <li>• Formación Específica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptación curricular</li> <li>• Plan Artístico de centro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificación autónoma</li> <li>• Organización obradoiro artístico</li> <li>• Formación Específica</li> </ul>
<b>ARTISTA(s)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artista en residencia 2º e 3º trimestre</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Artista en residencia</b></li> <li>• Kit arte-escola autónomo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Proxecto Autónomo</b></li> <li>• Kit arte-escola autónomo</li> </ul>
<b>NODO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Co-avaliación e acompañamento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acompañamento e mediación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asesoramento na rede</li> </ul>

# ¿QUE CONSIDERAMOS UN GRUPO MOTOR?

A posta en marcha deste itinerario durante tres cursos escolares implica un compromiso forte co mesmo. É por iso que pensamos que a figura do Grupo Motor é clave nesta convocatoria.

No aprendido no percorrido que leva PLANEA sabemos que un **Grupo Motor** debe ter no seu seo a membros do Equipo Directivo, representar os diferentes ciclos e niveis e debe estar disposto a organizarse e preocuparse polo ben común do Proxecto Artístico de centro.

O Grupo Motor ten que ser quen de activar a formación docente do resto do claustro a tempo que debe ser ope-

rativo na súa toma de decisións. Sabemos que o tempo é un ben moi prezado, é por iso que poden activarse vías de comunicación, sempre que sexan áxiles, a través de mensaxería instantánea ou correo electrónico.

De maneira orgánica o nodo mediador formará parte do Grupo Motor e ofrecerá un caderno de xestión do mesmo. Sempre que sexa necesario, os axentes colaboradores e artistas que participen no centro poden participar das reunións do grupo motor.

## PRAZOS E PROCEDIMENTO DE INSCRIPCIÓN



Proxecto Sant Miceli de Anna Berenguer. Foto de Eva Cifre - Es Baluard

Nesta convocatoria elixírase a tres centros en Andalucía, Comunitat Valenciana, Comunidad de Madrid, Euskadi e La Rioja e dous centros en Galicia e Illes Balears.

A convocatoria estará activa por tramos territoriais:

- Centros de **Illes Balears** ata o 30 de xuño de 2026
- Centros da **Comunitat Valenciana** ata o 9 de xullo de 2026
- Centros de **Galicia** ata o 7 de setembro de 2026
- Centros da **Comunidad de Madrid** ata o 14 de setembro de 2026
- Centros de **Andalucía** ata o 30 de setembro de 2026
- Centros de **Euskadi** ata o 30 de setembro de 2026
- Centros de **La Rioja** ata o 30 de setembro de 2026

Trala recepción dos formularios farase unha pre-selección daqueles centros que cumpran os criterios establecidos nesta convocatoria. Para aclarar e coñecer ben en profundidade as propostas poderanse organizar reunións ou chamadas telefónicas por parte dos nodos aos centros.

Como norma xeral entre **10 e 15 días despois do peche da convocatoria** farase público o listado de centros seleccionados. Esta convocatoria é anual e volverase lanzar a novos centros para o curso 2027/2028.

**A inscrición realízase presentando un proxecto a través do formulario. O modelo de proxecto o podes descargarlo de aquí:**



# CRITERIOS DE VALORACIÓN

A elección dos centros PLANEA é responsabilidade exclusiva dos nodos de mediación da rede e atenderá sempre a criterios xerais de diversidade xeográfica, de tipos de centros, realidades socioeconómicas e culturais.

**Ademais, de maneira específica, valoraremos aqueles centros que estean aliñados con estes criterios:**

1. O claustro está implicado no cambio educativo que supón poñer en marcha proxectos de arte e escola de xeito transversal e no máximo número de aulas e ciclos do centro.
2. O centro é capaz de asumir este compromiso durante tres cursos coa realidade do cadro de persoal, cambios en equipos directivos e a súa mobilidade.
3. Na proposta do centro hai unha concreción sobre a vinculación das artes na consecución das competencias clave.
4. O centro e o grupo motor xa teñen identificados retos de transformación pedagóxica e obxectivos nos que a arte pode ser unha ferramenta clave.
5. A comunidade educativa está implicada nestas transformacións e melloras, e recoñece a diversidade de contornas culturais e sociais posibles, está implicada e mobilízase, ou existe potencial para que o faga.
6. O centro xa tivo experiencias previas ou outros proxectos vinculados ás artes.

# COMPROMISOS DO CENTRO



Entrega do Caderno de Xestión - IES Guillem D'Alcalà. Fotografía de PERMEA

**Os centros finalmente elixidos comprométense a:**

- Crear un grupo motor PLANEA con representación do Equipo Directivo que se encargue de liderar a implementación de PLANEA.
- Compromiso de participación de polo menos o 10 % do claustro con representación das diferentes áreas de coñecemento e niveis educativos.
- Participar na formación anual que organiza PLANEA tanto para o Grupo Motor como para o Claustro. Esta formación terá unha duración mínima de 18 horas anuais (repartidas ao longo do curso) e realizarase consensuando os tempos e as formas máis axeitadas á cultura do centro.
- Desenvolver en horario lectivo e transversalmente os programas e residencias artísticas-educativas propostas.
- Participar dos encontros rexionais (que adoitan celebrarse ao principio ou final de curso segundo cada territorio) e estatais da rede PLANEA (que acostuman celebrarse entre febreiro e marzo e durante unha fin de semana).
- Responder e organizar os tempos e espazos para unha axeitada atención á avaliación do grupo motor, docentes e alumnado.
- Asinar os compromisos con PLANEA nun acordo no que se recollerán todos os criterios e condicións desta mesma convocatoria.

# COMPROMISOS DE PLANEA

Os nodos de mediación de PLANEA guiarán, acompañarán e resolverán calquera dúbida durante o proceso do desenvolvemento destes programas. No ánimo de PLANEA está a desburocratización das prácticas e a facilitación ao máximo do traballo cos centros e artistas para o desenvolvemento destes programas. De maneira concreta os compromisos da rede son:

- Formación para docentes e axentes culturais en cada unha das áreas que prevé a Folla de Ruta.
- Achegar financiamento axeitado para o desenvolvemento dos programas, residencias e proxectos. O financiamento sempre recaerá en artistas, axentes e colectivos sendo un diñeiro finalista que se dedicará en exclusiva á proposta artística ou de formación.
- Cubrir os gastos de viaxes e traslado dos encontros rexionais e estatais.
- Acceso preferente do equipo docente e axentes da comunidade educativa do centro PLANEA ás forma-

cións, bolsas de viaxe, intercambios e demais actividades. Envío de publicacións en papel editadas pola rede para aumentar a biblioteca de cada centro educativo.

- Documentación visual e audiovisual das prácticas, proxectos e resultados de PLANEA. Esta documentación será accesible para o centro educativo e poderá usala nas súas redes e comunicacións.
- Recoñecemento público a través das ferramentas de comunicación da rede e dos seus axentes asociados.
- Entrega dunha placa PLANEA para ser instalada no edificio do centro como recoñecemento da súa implicación na rede.
- Entrega dun caderno de xestión que guiará o proceso ano a ano facilitando modelos e ferramentas para a posta en marcha das tarefas de cada curso escolar.

## RESOLUCIÓN DE CONFLITOS



La Morsa, Centro de Títeres de Alcorcón. Foto de Iván Castellano

A participación en PLANEA é totalmente voluntaria, gratuíta e consciente das dificultades organizativas e pedagóxicas dos centros educativos públicos.

No ánimo da rede estará sempre buscar solucións ás problemáticas, bloqueos e dificultades e é por iso que deixamos claro cales son os compromisos mínimos que establece este novo programa.

## RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS

Podes dirixirte aos nodos de mediación e escribir a [hola@redplanea.org](mailto:hola@redplanea.org) para calquera dúbida.

A non aceptación destes compromisos, que se asinarán por escrito nun acordo e que se entenden como coñecidos ao presentar unha candidatura, ou a perda dalgún deles durante o período de implementación como Centro PLANEA, pode facer que se retiren ou se reorienten os recursos da rede cara a outros centros. Isto ocorrerá sempre de mutuo acordo entre os nodos de mediación e os centros implicados.

# PLANEA

RED DE ARTE Y ESCUELA

Co impulso de



PLANEA está formado por



CONSORCI DE MUSEUS DE LA COMUNITAT VALENCIANA

Permea



UNIVERSITAT POLITÈCNICA DE VALÈNCIA



ZEMOS98

TALLER EN BLANCO

artaziakoop

rexe nera ndo | S. Coop. Galega

ESBALUARD MUSEU

Coa colaboración de



[WWW.REDPLANEA.ORG](http://WWW.REDPLANEA.ORG)